

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 67,47 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 23 de xuño de 2016.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 1937

Anuncio

FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Servicios

b) Descrición do obxecto: a realización de traballos de desbroce de pistas de diversas parroquias do termo municipal de Lugo durante o ano 2016

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

c) Publicidade: Si

Anuncio de licitación no BOP do 04/04/2016 e no perfil do contratante.

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato:

O prezo por quilómetro de desbroce é de 148 €/quilómetro máis o 21% IVE (31,08 euros) resultando un total de 179,08 euros/quilómetro IVE incluído.

-O número estimado máximo de quilómetros a desbrozar son 700.

En consecuencia o valor estimado do contrato, tendo en conta o número estimado de quilómetros, o prezo unitario e a duración do contrato incluídas as prórrogas, ascende á cantidade de 207.200 euros IVE excluído.

5.- Adxudicación:

a) Data: 15/06/2016, con corrección de erro material no acordo con data do 22/06/2016

b) Contratista: DEFORGAL XXI, S.L

c) NIF: B27382100

d) Nacionalidade: Española

e) Orzamento máximo do contrato: O prezo por quilómetro é de 113,49 euros mais o 21% de IVE (23,83 euros) o que fai un importe total de 137,32 euros, IVE incluído; sendo o gasto máximo do contrato para o ano 2016 de 97.272,00 € IVE incluído

6.- Formalización:

a) Data de formalización: 22/06/2016

b) Duración do contrato: A duración do contrato será de TRES MESES a desenvolver entre os meses de xuño a setembro do ano 2016 fixándose o día de comezo na acta de inicio que se asine a tal efecto.

Este prazo de tres meses poderá prorrogarse os días necesarios ata o remate do mes de outubro se as circunstancias –a criterio do responsable do contrato- o aconsellaran para dar cumprimento ó contrato.

Así mesmo o contrato poderá ser obxecto de prórroga para o ano 2017, por mutuo acordo das partes, adoptado durante o primeiro trimestre do ano 2017, polo mesmo período de execución sinalado anteriormente.

Lugo, 23 de xuño de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA, Ana Prieto Nieto.

R. 1938

AS NOGAIS*Anuncio*

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, faise público que por resolución da Alcaldía de data 27/06/2016 aprobáronse as “BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS XEFES DE BRIGADA DE INCENDIOS, DOUS PEÓNS FORESTAIS CONDUCTORES E SEIS PEÓNS FORESTAIS, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, 2016 MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS”.

Ábrese un período de presentación de instancias de cinco (5) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do presente Anuncio no B.O.P de Lugo.

O texto íntegro da citada Resolución de Alcaldía e as Bases poderán consultarse no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web (www.concelloasnogais.es)

En As Nogais, a 29/06/2016.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz

R. 1947

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio 2015, expónse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 01.06.2016. Durante este prazo, e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do Concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ribas de Sil, 22.06.2016.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega

R. 1939

XOVE*Anuncio*

Remitida ó Concello a Matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS para o exercicio de 2016, unha vez confeccionado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria-Delegación de Lugo, ponse de manifesto ó público, a parte cuxa xestión corresponde a este Concello, no Departamento de Tesourería, en horario de 9 a 14,00 horas, de luns a venres, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte inclusive ó que apareza este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións.

Advertese que a inclusión do suxeito pasivo na matrícula, así como a súa exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que a mesma se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpor, no prazo de quince días a contar do inmediato seguinte ó da terminación do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición perante o xefe da Dependencia de Xestión da Axencia Estatal da Administración Tributaria de Lugo, ou reclamación económico-administrativa, no mesmo prazo, perante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional (Secretaría Delegada de Lugo), sen que se podan interpor, asemade, ámbolos dous recursos (art. 91 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das